

XX ANIVERSARIO

Convención dos dereitos do neno: ¿soño ou pesadelo?

20.11.2009 Aínda é unha utopía que debe ser trasladada á práctica con coraxe e cunha responsabilidade constante por parte dos seus xestores. Só deste xeito non se converterá nun suplicio para todos

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Ao cumprirse medio século da Declaración Universal dos Dereitos do Neno e os vinte primeiros da Convención Internacional, un pregúntase se durante eses tempos a infancia encontrou o seu sitio no mundo. Pero, como todas as cuestións que se formulan dunha forma ampla, esta tampouco ten unha única resposta concreta. Por un lado, é verdade que a infancia ten un recoñecemento do que non gozou en tempos pretéritos, pero tampouco é menos certo que segue sometida a todos os avatares dos grupos sociais nos que lle toca vivir. Así que para ver como se algo cambiou, o mellor é apreciálo desde a perspectiva do relativo, desde a análise do próximo. E que hai máis próximo que o que nos circunda.

Nestas décadas, a infancia en España cambiou moito, e non só debido á aplicación dunhas lexislacións específicas, senón tamén a todos os condicionantes que rodearon á sociedade na que se desenvolveu. España pasou de ser un país incomunicado a un país influenciado e que inflúe no mundo, co que iso comporta para todos e cada un dos seus cidadáns. Pero como todos os cambios teñen as súas consecuencias positivas e negativas, e estas requiren de sucesivos acomodacións para adaptarse ás novas circunstancias, a infancia española podemos dicir que se viu envolta nun maremagnum de axustes continuos, non sempre lóxicos nin ben medidos.

A nivel legal, hai que sinalar que a liberalidade e discrecionalidade coa que se dispuxeron moitas das normativas españolas dos anos 90 en relación aos ámbitos da infancia provocaron desaxustes sociais imprevisibles. No terreo educativo, por exemplo, a ausencia de controis no paso duns determinados cursos aos superiores afectarou á capacidade de esforzo dos alumnos e consecuentemente ao nivel final con que concluían os seus estudos, segundo puxeron de manifesto diversos informes. E iso, a pesar de que eses mesmos alumnos, ano a ano, gozaron de cada vez máis recursos materiais e de máis profesionais nos que apoiarse para mellorar as súas capacidades. Do mesmo xeito pódese avaliar a Lei de protección xurídica do menor. Unha lei pola que se lle outorga toda unha serie de dereitos aos nenos españois, pero que non lles advirte de que son, á vez, solidarios duns deberes que son expresión dos dereitos dos demais. Por iso nunha lectura simplista, o resto dos cidadáns víronse acobardados pola percepción de que os nenos son uns privilexiados aos que non se lles pode facer fronte.

O período de recoñecemento de dereitos sen a correspondente lectura dos deberes rematou, e unha sociedade democrática e xa madura como a española, arbitrou, desde o cambio de milenio, un cambio de mentalidade sobre a infancia e o seu valor. Un cambio que agora está máis acorde co que debe ser a realidade socioeducativa dos nosos nenos e mozos. As novas normas que se están a aprobar asumen, ademais dos parámetros educativos imprescindibles para levar a cabo a socialización dos nenos e mozos, a responsabilidade individual que eles deben afrontar sobre os seus actos. Hai está, por exemplo, a Lei de responsabilidade penal dos menores, que sen esquecerse da tarefa educativa que a sociedade debe seguir facendo cos menores delinquentes, non exime a estes dos efectos negativos dos seus actos. O mesmo ocorre coa Lei orgánica de educación, onde agora se solicita do alumno o seu esforzo individual e a súa motivación polo estudo e o traballo formativo, a un tempo que tamén se compromete ás familias, profesores, centros, Administracións, institucións e o conxunto da sociedade a compartir a tarefa de apoiarse para axudalo para que logre os obxectivos que se lle sinalan. Esta nova conciencia social española sobre a infancia parece beber do dito africano de que para educar un neno é necesaria toda a tribo.

Pese a todo, no último informe español sobre a aplicación da Convención dos Dereitos do Neno (2008) certifícanse algúns dos erros do pasado que aínda están por subsanar. Entre eles está a inexistencia dun plan integral co que se definan as estratexias políticas coas que se van abordar e definir as prioridades nos asuntos da infancia e adolescencia española. Este foi hándicap importante, que se tratou de solventar co primeiro plan estratéxico, iniciado no 2006 e que conclúe este ano, pero para o que non se contou nin cos recursos necesarios nin coa coordinación imprescindible que fíxese efectiva a súa execución. Esta primeira experiencia, a bo seguro, servirá para corrixir erros no futuro e, incluso, propor novas fórmulas máis axeitadas.

En definitiva, parece que pouco a poucos imos saíndo dos atrancos que se presentan, pero para iso débese persistir na idea de que se o neno que temos considerado como un ser activo, detentador de dereitos, tamén debemos telo como un ser activo, cumpridor dos seus deberes. Tomalo exclusivamente como receptor de dereitos é facelo pasivo, dependente e desintegrado, e, o que é máis lamentable, é sustraerlo de todas as experiencias que deben enriquecelo para realizalo como persoa. Logo, a Convención podemos concluír que segue a ser un soño, unha utopía que debe ser trasladada á práctica con coraxe e cunha constante responsabilidade por parte dos seus xestores, só deste xeito non se converterá nun pesadelo para todos.